

**Acta núm. 11/2024.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 11 de xuño de 2024.**

ASISTENTES:

José Antonio Vidal González.

María Rosa Romero Fariña.

Sandy Marie Cebral Gómez.

Carlos Noya Pereira.

Non asiste: Pablo Lago Sanmartín.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 11 de xuño de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside a 1ª tenente de alcalde Sandy Marie Cebral Gómez, en substitución da alcaldía, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 10/2024, DO 28/05/2024.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 6º) ESTABLECIMENTO DE PREZO PÚBLICO ACTIVIDADES DE VERÁN PARA MAIORES 2024.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 10/2024, DO 28/05/2024.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 28.05.2024, acta núm. 10/2024.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DOLORES AGRAFOJO RÍOS, na que comunica que vai pintar da mesma cor ao existente o penal norte da vivenda sita na Avda. Santa Minia nº 39 – Brión.

A edificación (referencia catastral 6257202NH2465N0001MU) na que se pretenden executar as obras atópase asentada sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo

363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,00 euros.

Total: 10,00 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de KARINA RARIS CASTRO, na que comunica que vai executar obras na parcela sita en Guisande nº 21 – Os Ánxeles, consistentes en desmontar un muro de cachotería granítica existente, situado no interior da parcela, para posteriormente reutilizar a cachotería na execución dun peche de parcela con fronte ao viario municipal, para o que deberá tramitarse o correspondente título habilitante.

A edificación (referencia catastral 6431315NH2463S0001QR) na que se pretenden executar as obras, aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (SNR), dentro da área consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1), e sitúase na aldea de Guisande que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: AE3.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 29.05.2024 (expediente 272/24) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpríranse as condicións recollidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 29.05.2024 (expediente 272/24).
- A presente comunicación previa tan só habilita para desmontar o muro existente.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 53,82 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 118,39 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN MORENO BADÍA, na que comunica que vai realizar obras de reparación parcial da cuberta na vivenda sita na Urbanización Hortensia nº 5 – Os Ánxeles, para evitar problemas de filtración.

A edificación (referencia catastral 6550186NH2465S0001JG) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3), e sitúase dentro da zona de policía do río Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 22.05.2024 (clave DH.W15.100523), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 108,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 172,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ÁNGELES LOR RODRÍGUEZ, na que comunica que vai revestir as fachadas de dúas edificacións existentes (cabananas de madeira)

dedicadas a almacén e garaxe en Saíme 18 – Bastavales. A cubrición das fachadas farase con pranchas de pedra.

A parcela (referencia catastral 5026403NH2452N0001WZ) atópase en solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e situase na aldea de Saíme que está integrada dentro do catálogo do PXOM (bens de interese cultural coa clave: XBE3).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 13.05.2024 (expediente 3566/23) e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas condicións impostas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 13.05.2024 (expediente 3566/23):

- A pedra que se utilice na fachada será da zona, do mesmo tipo e cor que a empregada nas edificacións tradicionais, e cunha folla duns 10 cm. de espesor mínimo, trabada ao xeito tradicional e resolvendo os encontros das esquinas axeitadamente.
- Poderían admitirse pranchas de pedra e escaso espesor se se formulan con outros despeses non tradicionais, para o que se remitirá a súa descrición (material, dimensións e alzados de despece de cada fachada con especial atención ás esquinas e ocos), para a súa autorización, se procede, pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Alternativamente admítese optar por un revestimento continuo; neste caso terá un acabado revocado e/ou pintado liso e mate, en cor branca ou beixe ocre clara con pouca saturación de cor.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,00 euros.

Total: 20,00 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAVIER GARCÍA RIEIRO, na que comunica que vai colocar unha estrutura para edificación complementaria (garaxe) cuberta, arrimada ao lindeiro oeste de 8x3 m. (24 m²) na Avda. de Noia 34-B, – Brión.

A parcela (referencia catastral 6649560NH2464N0001HD) atópase en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A cubrición será de tella de barro cocido e a altura máxima en calquera punto non poderá superar os 4 metros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 92,68 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 157,25 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para a substitución de tres apoios entre AP.6 e AP.29, na liña existente denominada (LAT 66 KV C1

TAMBRE 2 - NEGREIRA), que discorre pola aldea de Cornanda – Brión, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Ricardo Lago Alonso, visado en data 03.12.2021 (expte.: 20213737).

Os apoios a desprazar sitúanse dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico, dentro da categoría de protección forestal, séndolle de aplicación o réxime establecido pola Lei 2/2016, do solo de Galicia, en virtude do establecido na disposición transitoria 1ª, apartado 2, letra d).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe sectorial da Consellería do Medio Rural, de data 06.06.2023, e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 530,50 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 595,07 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ignacio Piñeiro de la Torre, que di actuar en representación de GASTÓN ARIEL AVOLA OCAMPO e PATRICIA MORONO VÁZQUEZ, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Babenzo nº 62 – Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Ignacio Piñeiro de la Torre, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 26.04.2024 e documentación complementaria visada con data 15.05.2024 (expte. 2402235).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 8223343NH2482S0000RJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Ignacio Piñeiro de la Torre, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 26.04.2024 e documentación complementaria visada con data 15.05.2024 (expte. 2402235).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (cesión aceptada pola Xunta de Goberno Local de data 25.09.2018 coa licenza de segregación concedida para a parcela con referencia catastral nº 8223324NH2482S0001EK), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (soleira de formigón de cor, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público), deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.950,77 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.046,80 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por RODOLFO ALBERTO PEÑA SALAS, solicitando licenza para rehabilitar unha edificación tradicional e destinala a vivenda no lugar de Gronzo nº 3 – Brión, segundo proxecto básico e de execución refundido asinado polo arquitecto Pablo Castro Pais, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 10.04.2024 e documentación complementaria visada con data 24.04.2024 (expte. 20401019).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 4752904NH2445S0001QU) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza das zonas consolidadas pola edificación (NRL-1), e situase dentro da zona de policía dun rego innominado.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia do 16.01.2024 (clave DH.W15.96496) e dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución refundido asinado polo arquitecto Pablo Castro Pais, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 10.04.2024 e documentación complementaria visada con data 24.04.2024 (expte. 20401019) e ás condicións impostas na autorización de Augas de Galicia do 16.01.2024 (clave DH.W15.96496).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (6,75 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (soleira de formigón de cor en 1,80 metros de ancho, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público), deberán aportar aos efectos

aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para rehabilitar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe do arquitecto municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 6,75 m². destinados a vias fora das alifacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 7 de xuño de 2024.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.739,25 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.835,28 euros.

QUINTO .- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jorge Couceiro Dorelle, que di actuar en representación de AMÉRICA MILLÁN OTERO, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de Outeiro – Bastavales, segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico forestal Jorge Couceiro Dorelle, visado polo Colexio Oficial de Enxeñería Técnica Forestal de Galicia con data 22.05.2024 (visado nº 240089).

Descrición da parcela de orixe:

Finca rexistral nº 9833 do Rexistro da Propiedade de Negreira; que conta coa seguinte referencia catastral: nº 8206401NH2480N0001YX.

Superficie (según medición recente): 4.021 m².

Lindes:

Norte: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: Aurora Romero Martínez e outros propietarios (fincas 1058, 1057 bis e 1057).

Leste: camiño.

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Na finca existe unha edificación destinada a vivenda, de dúas plantas que ocupa unha superficie de 56 m². e ten unha superficie total construída de 112 m²., e outra destinada a alpendre dunha planta que ocupa unha superficie de 105 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Segregación pretendida:

Lote 1 (Parcela 1056-1).

Superficie neta: 956 m².

Lindes:

Norte: co lote 4 de cesión a viais que o separa do camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: finca número 1057.

Leste: co lote 4 de cesión a viais que o separa do camiño.

Oeste: parcela segregada lote 2 (parcela 1506-2).

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lote 2 (Parcela 1056-2).

Superficie neta: 956 m².

Lindes:

Norte: co lote 4 de cesión a viais que o separa do camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: fincas número 1057 bis e 1057.

Leste: parcela segregada Lote 1 (parcela 1056-1).

Oeste: finca matriz (finca 1056- matriz).

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lote 3 (Parcela 1056-3).

Superficie neta: 1.000 m².

Lindes:

Norte: co lote 4 de cesión a viais que o separa do camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: fincas número 1058.

Leste: finca matriz (finca 1056-matriz).

Oeste: co lote 4 de cesión a viais que o separa do camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Finca matriz (1.056 – matriz).

Superficie neta: 966 m².

Lindes:

Norte: co lote 4 de cesión a viais que o separa do camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: fincas número 1057 bis e 1058.

Leste: parcela segregada lote 2 (parcela 1056-2) e finca 1057 bis.

Oeste: parcela segregada Lote 3 (parcela 1056-3).

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Na finca existe unha edificación a vivenda de dúas plantas que ocupa unha superficie de 56 m² e ten unha superficie total construída de 112m² e se sitúa un alpendre dunha planta que ocupa unha superficie de 105 m².

Lote 4 (cesión a viais).

Superficie: 143 m².

Lindes:

Norte: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: finca matriz (1.056 – matriz) e lotes 1, 2 e 3 (parcelas segregadas 1056-1, 1056-2 e 1056-3).

Leste: camiño e Lote 3 (parcela 1056-3).

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria e parcela segregada lote 1 (parcela segregada 1056-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 143 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 322,85 euros.

Total: 322,85 euros.

SEXTO.- ESTABLECIMENTO DE PREZO PÚBLICO ACTIVIDADES DE VERÁN PARA MAIORES 2024.

Dada conta da proposta da alcaldía, que transcrita di:

Visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais do 05.06.2024 e o informe de Intervención do 05.06.2024.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, propoño á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1º) Declarar a urxencia deste acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia ás actividades para persoas maiores durante o verán 2024, de acordo coa seguinte tarifa:

Prezo público por persoa e actividade: 10,00 €/persoa.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio no BOP.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

A 1ª tenente de alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González